

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

13811 *Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

O artigo 10.3 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, dispón que o Goberno, mediante real decreto, aprobará os criterios establecidos polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para determinar a intensidade de protección dos servizos e a compatibilidade entre eles. Así mesmo, o artigo 20 da citada lei establece que as contías das prestacións económicas, unha vez acordadas polo Consello Territorial, serán aprobadas polo Goberno mediante real decreto.

En cumprimento dos anteriores mandados foi aprobado o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Así mesmo, regulou os supostos de desprazamentos entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, e a protección dos emigrantes españois retornados.

Con posterioridade, o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, foi modificado polo Real decreto 175/2011, do 11 de febreiro, e polo Real decreto 570/2011, do 20 de abril.

O Real decreto 175/2011, do 11 de febreiro, incorporou os criterios sobre as intensidades de protección dos servizos, o importe das prestacións económicas e os requisitos e condicións de acceso á prestación económica para coidados no medio familiar que se poidan recoñecer ás persoas en situación de dependencia en grao I (dependencia moderada), xa que durante 2011 tiveron acceso ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (en diante SAAD) as persoas valoradas neste grao.

O Real decreto 570/2011, do 20 de abril, regulou un novo indicador de actualización da contía das prestacións económicas e incorporou unha disposición relativa ás cotas á Seguridade Social e por formación profesional derivadas da prestación económica de coidados no medio familiar. Así mesmo, estableceu as prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, para o exercicio 2011.

O Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, na sesión do día 12 de abril de 2012, aprobou o avance da avaliación da lei transcorridos os cinco primeiros anos da súa aplicación e adoptou o acordo de abordar as melloras no SAAD que sexan necesarias para asegurar a súa sustentabilidade. Así mesmo, na reunión mantida o 10 de xullo de 2012 aprobou a avaliación de resultados prevista na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e as propostas de mellora necesarias para asegurar a sustentabilidade presente e futura do Sistema, adoptando uns criterios comúns mínimos para todo o ámbito nacional no desenvolvemento desa lei, incorporando a modificación da clasificación da situación de dependencia, as intensidades do servizo de axuda a domicilio, a ampliación da prestación económica de asistencia persoal, a mellora no procedemento e a transparencia na xestión, así como no sistema de información, a revisión da prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais, o establecemento de criterios comúns na asignación de prestacións en casos de falecemento da persoa en situación de dependencia e de plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.

Por outra parte, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, introduciu medidas urxentes

para corrixir os desequilibrios que se produciron no SAAD co obxectivo de garantir a súa sustentabilidade, estabilidade e suficiencia para o futuro, así como mellorar a eficiencia na súa xestión, para o que cómpre establecer o correspondente desenvolvemento regulamentario. Así mesmo, dispuxo a necesidade de establecer un maior equilibrio entre as prestacións económicas e os servizos do catálogo.

Este real decreto unifica todas as normas relativas ás prestacións e servizos que foron ditadas en desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, coa finalidade de ordenar, simplificar e actualizar a normativa nun único texto normativo.

Como consecuencia de todo o anterior, este real decreto establece a regulación das prestacións do SAAD e determina as intensidades de protección dos servizos, compatibilidades e incompatibilidades entre eles e asegura a excepcionalidade da prestación de cuidados no medio familiar, co obxectivo tamén de mellorar a calidade na atención ás persoas en situación de dependencia.

Non obstante, a comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia poderá ditar as disposicións normativas que resulten necesarias para a aplicación deste real decreto.

A través da disposición derradeira primeira deste real decreto téntase dar cumprimento ao establecido na disposición adicional quinta da Lei 39/2006, do 14 de decembro, integrando no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas as prestacións reguladas nos artigos 17, 18 e 19 da lei citada, e ampliando así os supostos previstos no artigo 3 do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, que regula ese rexistro.

Así mesmo, no citado artigo 3, por un lado, complétase a alínea k) para integrar as prestacións económicas aboadas en virtude do Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados; por outro lado, incorpórase á alínea l) a mención á idade de cincuenta e cinco anos, ao ser esta a idade fixada para ser beneficiario do subsidio por desemprego, establecido no artigo 215.1.3 do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social; por último, substitúese na alínea m) o termo «minusválido» por «discapacitado» de conformidade coa disposición adicional oitava da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

No seu proceso de elaboración, esta norma foi sometida á consulta do Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do Consello Estatal de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social.

Este real decreto é aprobado polo Goberno, de conformidade co Acordo do 16 de xaneiro de 2013 adoptado polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Este acordo foi elaborado de conformidade co previsto no artigo 8.2.b) e c) da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Este real decreto foi sometido ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no artigo 37.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 5.b) do Estatuto da Axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Esta norma dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Esta norma establécese ao abeiro da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima, en relación cos artigos 10.3, 15 e 20 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación dos servizos e as prestacións económicas por grao de dependencia e os criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos do catálogo establecidos na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Así mesmo, régulanse os traslados de persoas beneficiarias entre comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e de Melilla, o réxime de incompatibilidades de prestacións, o reintegro de prestacións e a protección dos españois emigrantes retornados.

Artigo 2. *Servizos e prestacións económicas por grao de dependencia.*

Para facer efectivo o establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, determínanse a seguir os servizos e prestacións económicas que corresponden aos graos III, II e I de dependencia.

1. Servizos e prestacións para os graos III e II:

a) Servizos:

Prevención da dependencia.

Promoción da autonomía persoal.

Teleasistencia.

Axuda a domicilio.

Centro de día.

Centro de noite.

Atención residencial.

b) Servizos a través de prestacións económicas:

Prestación económica de asistencia persoal.

Prestación económica vinculada, en consonancia cos servizos previstos na alínea a).

c) Prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores.

2. Servizos e prestacións para o grao I:

a) Servizos:

Prevención da dependencia.

Promoción da autonomía persoal.

Teleasistencia.

Axuda a domicilio.

Centro de día.

Centro de noite.

b) Servizos a través de prestacións económicas:

Prestación económica de asistencia persoal.

Prestación económica vinculada, en consonancia cos servizos previstos na alínea a).

c) Prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores

Artigo 3. *Solicitud e documentación.*

1. O modelo de solicitude de inicio do procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia establecido pola Administración competente deberá incluír información sobre os seguintes datos:

- a) Se a persoa solicitante está a ser atendida polos servizos sociais no momento de formular a solicitude e, se for o caso, tipo de servizo ou prestación que está a recibir.
- b) Se está a recibir coidados do medio familiar e desde que data.
- c) Compromiso da persoa solicitante de facilitar o seguimento e control das prestacións, incluído o acceso ao domicilio da persoa solicitante, pola Administración competente.
- d) Se a persoa solicitante ten algunha discapacidade. Tipo de discapacidade se voluntariamente o quere manifestar.
- e) Se a persoa solicitante ten diagnosticada unha enfermidade rara, catalogada como tal.
- f) Obrigación de comunicación inmediata á Administración competente, se se produce o ingreso da persoa beneficiaria en centros hospitalarios ou asistenciais que non supoñan custo para a persoa beneficiaria.
- g) Que os datos persoais contidos na solicitude se integrarán nos ficheiros automatizados que sobre o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) están constituídos na Administración competente, sen que poidan ser utilizados para finalidades distintas ou alleas ao Sistema; todo isto de conformidade cos principios de protección de datos de carácter persoal establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. De conformidade co establecido no artigo 5.1.d) da lei citada orgánica, a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Administración responsable do ficheiro.

2. A solicitude deberá ir acompañada, ademais, dos seguintes documentos:

- a) Compromiso na atención, se for o caso, do coidador familiar ou de contorno, no suposto de estar prestando a atención con carácter previo á presentación da solicitude.
- b) Informe de saúde normalizado.
- c) Declaración responsable sobre situación económica e patrimonial da persoa solicitante.
- d) Copia da declaración, se for o caso, do imposto sobre a renda das persoas físicas, salvo no suposto da autorización prevista na alínea e) seguinte.
- e) Autorización de comprobación de datos por parte das administracións públicas competentes, necesarios para o recoñecemento do dereito ás prestacións.

CAPÍTULO II**Intensidade de protección dos servizos e prestacións económicas*****Sección 1.^a Intensidade de protección dos servizos*****Artigo 4. *Intensidade dos servizos.***

1. A intensidade dos servizos de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establecidos no artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, determínase polo contido prestacional de cada un dos servizos asistenciais e pola súa extensión ou duración segundo o grao de dependencia, en concordancia co disposto no artigo 3.f) da citada lei.

2. Enténdese por servizos asistenciais os que ha recibir a persoa en situación de dependencia para a súa atención e coidado persoal na realización das actividades

básicas da vida diaria, así como os que teñen como finalidade a promoción da súa autonomía persoal.

3. O transporte adaptado deberase garantir cando polas condicións de mobilidade da persoa en situación de dependencia sexa necesario para a asistencia ao centro de día ou de noite, e así se manifestase no proceso de valoración da situación de dependencia e de recoñecemento da prestación correspondente, ou con posterioridade se se modifican as condicións de mobilidade da persoa e quedan acreditadas. As condicións de mobilidade reducida acreditaranse de conformidade co artigo 9.3 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Artigo 5. *Intensidade do servizo de prevención das situacións de dependencia.*

1. As persoas en situación de dependencia nalgún dos graos establecidos recibirán servizos de prevención co obxecto de evitar o agravamento do seu grao de dependencia, incluíndo esta atención nos programas de teleasistencia, de axuda a domicilio, dos centros de día e de atención residencial.

2. Os plans de prevención, elaborados pola correspondente comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia, determinarán as intensidades dos servizos de prevención do SAAD no seu correspondente ámbito territorial.

Así mesmo, estes plans deberán cumprir os criterios, recomendacións e condicións mínimas que acorde o Consello Territorial, con especial consideración dos riscos e actuacións para as persoas maiores, para as persoas con discapacidade e outros grupos de persoas de especial vulnerabilidade.

3. Para as persoas en situación de dependencia en grao I e co obxecto de evitar o agravamento do seu grao de dependencia, a prevención será prioritaria, polo que debe formar parte de todas as actuacións que se realicen no ámbito do SAAD.

Artigo 6. *Intensidade do servizo de promoción da autonomía persoal.*

1. Os servizos de promoción da autonomía persoal teñen por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias e facilitar a execución das actividades básicas da vida diaria.

2. Son servizos de promoción para a autonomía persoal os de asesoramento, orientación, asistencia e formación en tecnoloxías de apoio e adaptacións que contribúan a facilitar a realización das actividades da vida diaria, os de habilitación, os de terapia ocupacional, así como calquera outro programa de intervención que se estableza coa mesma finalidade.

3. A intensidade deste servizo adecuarase ás necesidades persoais de promoción da autonomía, á infraestrutura dos recursos existentes e ás normas que estableza a correspondente comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia.

4. Para as persoas ás cales xa se lles recoñece o grao I (dependencia moderada) son servizos de promoción para a autonomía persoal os seguintes:

- Os de habilitación e terapia ocupacional.
- Atención temperá.
- Estimulación cognitiva.
- Promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional.
- Habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual.
- Apoios persoais e coidados en aloxamentos especiais.

A intensidade do servizo de promoción para as persoas beneficiarias ás cales se recoñece o grao I (dependencia moderada) axustarase ao establecido no anexo I.

A concreción da intensidade determinarase no programa individual de atención, de conformidade coas horas mensuais que estableza o correspondente ditame técnico en función das actividades da vida diaria en que a persoa en situación de dependencia precise apoios ou coidados, todo isto sen prexuízo das maiores intensidades dos servizos e programas de promoción de autonomía persoal que cada comunidade autónoma teña xa establecido ou poida establecer.

Así mesmo, as comunidades autónomas poderán desenvolver accións e programas con carácter complementario das prestacións contidas no programa individual de atención tales como asesoramento, acompañamento activo, orientación, asistencia e formación en tecnoloxías de apoio e adaptacións que contribúan a facilitar a realización das actividades da vida diaria.

Artigo 7. *Intensidade do servizo de teleasistencia.*

1. O servizo de teleasistencia ten por finalidade atender as persoas beneficiarias mediante o uso de tecnoloxías da comunicación e da información, observando as medidas de accesibilidade adecuadas para cada caso e con apoio dos medios persoais necesarios, en resposta inmediata ante situacións de emerxencia ou de insegurança, soidade e illamento, e co fin de favorecer a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.

2. O servizo de teleasistencia prestarase para as persoas en situación de dependencia que o necesiten, nas condicións establecidas por cada comunidade autónoma ou Administración que, se for o caso, teña a competencia.

3. Para as persoas beneficiarias ás cales se recoñece o grao I (dependencia moderada) o servizo de teleasistencia prestarase como servizo complementario do resto de prestacións contidas no programa individual de atención excepto no caso de servizos de teleasistencia avanzada con apoios complementarios, cuxo contido determinará a Comisión Delegada do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Artigo 8. *Intensidade do servizo de axuda a domicilio.*

1. O servizo de axuda a domicilio está constituído polo conxunto das actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia, co fin de atender as necesidades básicas da vida diaria e incrementar a súa autonomía, para posibilitar a permanencia no seu domicilio.

2. Este servizo comprende a atención persoal na realización das actividades da vida diaria e a cobertura das necesidades domésticas, mediante os servizos previstos no artigo 23 de Lei 39/2006, do 14 de decembro, e os que no seu desenvolvemento poida establecer a comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia.

3. A intensidade do servizo de axuda a domicilio estará en función do programa individual de atención e determinarase en número de horas mensuais de servizos asistenciais, segundo o grao de dependencia, de acordo co anexo II.

4. Para determinar a intensidade do servizo de axuda a domicilio utilízase o termo «horas mensuais de atención». A hora, neste contexto, refírese, por tanto, ao módulo asistencial de carácter unitario, cuxo contido prestacional se traduce nunha intervención de atención da persoa beneficiaria.

5. No programa individual de atención deberase diferenciar, dentro das horas de axuda a domicilio, as relativas a necesidades domésticas ou da casa das de atención persoal para as actividades da vida diaria.

Os servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou da casa só poderán prestarse conxuntamente cos de atención persoal. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderán prestarse separadamente cando así se dispoña no programa individual de atención. A Administración competente deberá motivar esta excepción na resolución de concesión da prestación.

6. No citado programa individual de atención, a comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia establecerá a gradualidade das anteriores intensidades consoante a valoración da situación persoal de dependencia.

Artigo 9. *Intensidade do servizo de centro de día e de noite.*

1. O centro de día e de noite público ou acreditado axustará os servizos establecidos no artigo 24 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, ás necesidades das persoas en situación de dependencia atendidas segundo o seu grao; isto sen prexuízo dos servizos e programas que se establezan mediante normativa da comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia.

2. Tendo en conta a tipoloxía de centros establecida no artigo 15.1.d), da Lei 39/2006, do 14 de decembro, os centros de día adecuaranse para ofrecer ás persoas en situación de dependencia atención especializada de acordo coa súa idade, os cuidados que requiran e o seu grao de dependencia.

3. Os centros de noite teñen por finalidade dar resposta ás necesidades da persoa en situación de dependencia que precise atención durante a noite. Os servizos axustaranse ás necesidades específicas das persoas beneficiarias atendidas.

4. A intensidade do servizo de centro de día ou de noite estará en función dos servizos do centro que precisa a persoa en situación de dependencia, de acordo co seu programa individual de atención.

Non obstante, a intensidade do centro de día para as persoas beneficiarias ás cales se recoñece o grao I (dependencia moderada) será a establecida no anexo III.

5. A comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia determinará os servizos e programas e outras actividades dos centros para cada grao de dependencia.

Artigo 10. *Intensidade do servizo de atención residencial.*

1. O servizo de atención residencial ofrece unha atención integral e continuada, de carácter persoal, social e sanitario, que se prestará en centros residenciais, públicos ou acreditados, tendo en conta a natureza e o grao da dependencia e intensidade de cuidados que precise a persoa. Pode ter carácter permanente, cando o centro residencial sexa a residencia habitual da persoa en situación de dependencia, ou temporal, cando se atendan estadias temporais de convalecencia ou durante vacacións, fins de semana e enfermidades ou períodos de descanso dos cuidadores non profesionais.

2. O servizo de atención residencial axustará os servizos e programas de intervención ás necesidades das persoas en situación de dependencia atendidas.

3. A intensidade do servizo de atención residencial estará en función dos servizos do centro que precisa a persoa con dependencia, de acordo co seu programa individual de atención.

4. A comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia determinará os servizos e programas dos centros para cada grao de dependencia.

5. O servizo de estadias temporais en centro residencial estará en función da dispoñibilidade de prazas do SAAD en cada comunidade ou cidade autónoma e do número de persoas en situación de dependencia atendidas mediante cuidados no medio familiar.

Sección 2.ª Prestacións económicas

Artigo 11. *Regulación dos requisitos e condicións de acceso ás prestacións económicas.*

Os requisitos e condicións de acceso ás prestacións económicas serán establecidos pola comunidade autónoma ou administración que, se for o caso, teña a competencia, tendo en conta os acordos que adopte o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Artigo 12. *Requisitos e condicións de acceso á prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais.*

1. Para os efectos do previsto nos artigos 2.5, 14.4 e 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais ten carácter excepcional.

2. Poderán asumir a condición de coidadores non profesionais dunha persoa en situación de dependencia o seu cónxuxe e os seus parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción, até o terceiro grao de parentesco, cando convivan no mesmo domicilio da persoa dependente, estea a ser atendida por eles e o teñan feito durante o período previo dun ano á data de presentación da solicitude. Enténdense como situacións asimiladas á relación familiar as parellas de feito, titores e persoas designadas, administrativa ou xudicialmente, con funcións de acollemento.

3. Cando a persoa en situación de dependencia recoñecida teña o seu domicilio nun contorno caracterizado por insuficiencia de recursos públicos ou privados acreditados, despoboación ou circunstancias xeográficas ou doutra natureza que impidan ou dificulten outras modalidades de atención, incluída a atención mediante servizos a través da prestación vinculada, a Administración competente poderá excepcionalmente permitir a existencia de coidados non profesionais por parte dunha persoa do seu contorno que, aínda non tendo o grao de parentesco sinalado no número anterior, resida no municipio da persoa en situación de dependencia ou nun veciño e o teña feito durante o período previo dun ano á data de presentación da solicitude.

Cando a persoa teña recoñecida a situación de dependencia en grao III ou II será necesaria a convivencia coa persoa do seu contorno, dada a necesidade de atención permanente e apoio indispensable e continuo que se require.

Cando a persoa teña recoñecida a situación de dependencia en grao I, o contorno a que se refire este número deberá ter, ademais, a consideración de rural e non será necesaria a convivencia no domicilio da persoa dependente.

4. Ademais do previsto nos anteriores números, establécense as seguintes condicións de acceso á prestación económica para coidados no medio familiar e os requisitos dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia:

a) Que a persoa beneficiaria estea a ser atendida mediante coidados no medio familiar, con carácter previo á solicitude de recoñecemento da situación de dependencia non sexa posible o recoñecemento dun servizo debido á inexistencia de recursos públicos ou privados acreditados.

b) Que a persoa coidadora conte coa capacidade física, mental e intelectual suficiente para desenvolver adecuadamente por si mesma as funcións de atención e coidado, así como que non teña recoñecida a situación de dependencia.

c) Que a persoa coidadora asuma formalmente os compromisos necesarios para a atención e o coidado da persoa en situación de dependencia.

d) Que a persoa coidadora realice as accións formativas que se lle propoñan, sempre que sexan compatibles co coidado da persoas en situación de dependencia.

e) Que a persoa coidadora facilite o acceso dos servizos sociais das administracións públicas competentes á vivenda da persoa en situación de dependencia co fin de comprobaren o cumprimento dos requisitos ou variación das circunstancias, co consentimento previo da persoa beneficiaria.

5. En caso de que a persoa en situación de dependencia recoñecida en grao I estivese a recibir un servizo dos previstos para o seu grao de dependencia, na resolución de concesión de prestacións débese manter, ao menos, o mesmo servizo ou outro servizo coa mesma intensidade. No suposto de que o dito servizo sexa incompatible coa prestación económica de coidados no contorno, non se concederá esta.

6. A comunidade autónoma ou Administración competente revisarán o cumprimento dos requisitos de acceso á prestación e das obrigacións exixidas, a fin de comprobar que non se produza unha variación en ningún deles, e controlarán o seguimento dos coidados

no medio familiar coa finalidade de comprobar a idoneidade e calidade da atención, podendo, se for o caso, resolver a suspensión ou extinción da prestación.

Artigo 13. *Revisión das contías máximas das prestacións económicas.*

As contías máximas das prestacións económicas do SAAD serán revisadas polo Goberno mediante real decreto, logo de acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, para os graos con dereito a prestacións.

Artigo 14. *Deducións por prestacións de análoga natureza e finalidade.*

Do importe que se vaia percibir por algunha das prestacións económicas previstas neste real decreto deducirase calquera outra prestación de análoga natureza e finalidade establecida nos réximes públicos de protección social. En particular, deduciranse as prestacións previstas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Artigo 15. *Falecemento.*

As persoas que falecesen nos seis meses seguintes á presentación da solicitude sen se ter ditado resolución de recoñecemento da prestación concreta non terán a condición de persoa beneficiaria e non xerarán ningún dereito.

CAPÍTULO III

Réxime de incompatibilidades

Artigo 16. *Réxime de incompatibilidades.*

1. Conforme o establecido no artigo 25 bis da Lei 39/2006, do 14 de decembro, serán incompatibles as prestacións económicas entre si e cos servizos incluídos no catálogo, salvo cos servizos de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal e de teleasistencia.

2. Os servizos serán incompatibles entre si, exceptuando o servizo de teleasistencia, que será compatible co servizo de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal, de axuda a domicilio e de centro de día e de noite.

3. Non obstante o anterior, as administracións públicas competentes poderán establecer a compatibilidade entre os servizos de axuda a domicilio, centro de día e de noite, prestación de coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais e asistencia persoal.

4. As comunidades autónomas poderán establecer un réxime propio de compatibilidades con cargo ao nivel adicional de protección, de acordo co establecido no artigo 7.3.º da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

5. Para os efectos da asignación do nivel mínimo establecido no artigo 9 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, o establecemento de compatibilidades entre prestacións terá a consideración dunha única prestación.

CAPÍTULO IV

Traslado da persoa beneficiaria

Artigo 17. *Traslado da persoa beneficiaria entre comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e de Melilla.*

1. A persoa beneficiaria que traslade a súa residencia ao territorio doutra comunidade autónoma ou ás cidades de Ceuta e de Melilla está obrigada a comunicalo á Administración

que lle recoñecese o servizo ou lle aboe a prestación económica no prazo dos 10 días hábiles anteriores á data efectiva do traslado, salvo causas xustificadas.

2. A Administración de orixe debe pór en coñecemento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), como órgano coordinador, o traslado no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes á data de entrada da comunicación do traslado no órgano competente, a través do Sistema de Información para a Autonomía e Atención á Dependencia. O IMSERSO comunicará o traslado á comunidade autónoma de destino no mesmo prazo.

3. A comunidade autónoma ou as cidades de Ceuta e de Melilla de destino deberán revisar o programa individual de atención no prazo máximo de 60 días naturais, contados desde a data en que teñan coñecemento do dito traslado. A Administración de orixe manterá, durante ese prazo, o aboamento das prestacións económicas recoñecidas e suspenderá o dereito á prestación cando se trate dun servizo, substituíndoos pola prestación económica vinculada ao servizo.

4. A comunidade autónoma ou as cidades de Ceuta e de Melilla de destino comunicarán á persoa beneficiaria a situación no prazo máximo dos 10 días hábiles seguintes á comunicación do traslado realizada polo IMSERSO e darán unha resposta ás necesidades da persoa en situación de dependencia da forma máis inmediata posible.

5. As persoas en situación de dependencia que se encontren desprazadas da súa residencia habitual dentro do territorio español manterán o dereito e a reserva do servizo, así como a obrigaçión de aboar a participación no seu custo ou, se for o caso, continuarán percibindo a prestación económica durante un tempo máximo de 60 días ao ano con cargo á Administración competente que lles determinase o programa individual de atención.

CAPÍTULO V

Reintegro de prestacións

Artigo 18. *Causas de reintegro.*

Procederá o reintegro do importe das prestacións indebidamente percibidas ou recibidas en exceso e o derivado dunha participación insuficiente da persoa beneficiaria no custo do servizo que determine a Administración competente, no marco do previsto na súa normativa de aplicación e, se for o caso, a exigencia do xuro legal do diñeiro.

Artigo 19. *Obrigados ao reintegro.*

Estarán obrigadas ao reintegro das prestacións as seguintes persoas:

1. As persoas beneficiarias.
2. Responderán solidariamente da obrigaçión de reintegro os representantes legais da persoa beneficiaria, cando exista unha declaración de incapacidade xudicial.
3. En caso de falecemento da persoa en situación de dependencia obrigada ao reintegro, a obrigaçión de satisfacer as cantidades pendentes de restitución transmitirase aos seus habentes causa, que responderán desta obrigaçión non soamente cos bens da herdanza senón tamén cos seus propios, no suposto de non se ter aceptado a herdanza a beneficio de inventario.

Artigo 20. *Natureza dos créditos que se deben reintegrar.*

As cantidades que se deben reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e para a súa cobranza é de aplicación o previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria ou, se for o caso, nas normas que poidan resultar de aplicación.

Disposición adicional primeira. *A atención á dependencia dos emigrantes españois retornados.*

As persoas en situación de dependencia que, como consecuencia da súa condición de emigrantes españois retornados, non cumpran o requisito establecido no artigo 5.1.c) da Lei 39/2006, do 14 de decembro, por non teren residido en territorio español nos termos establecidos no citado artigo, poderán acceder a prestacións asistenciais con igual contido e extensión que as prestacións reguladas nela, nos termos que a seguir se establecen:

a) Corresponderá á comunidade autónoma ou á administración que, se for o caso, teña a competencia, de residencia do emigrante retornado a valoración da situación de dependencia, o recoñecemento do dereito, se for o caso, e a prestación do servizo ou pagamento da prestación económica que se determine no programa individual de atención.

b) O custo dos servizos e prestacións económicas será asumido pola Administración xeral do Estado e pola correspondente comunidade autónoma, na forma establecida no artigo 32 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

c) A persoa beneficiaria a que se refire a presente disposición participará, segundo a súa capacidade económica, no financiamento daquelas, e tamén se terá en conta para determinar a contía das prestacións económicas.

d) As prestacións recoñeceranse sempre por instancia dos emigrantes españois retornados e extinguiranse, en todo caso, cando a persoa beneficiaria, por cumprir o período exixido de residencia en territorio español, poida acceder ás prestacións do SAAD.

Disposición adicional segunda. *Contías máximas das prestacións económicas.*

Con independencia da data en que se producise o recoñecemento, as contías máximas das prestacións económicas correspondentes aos graos III, II e I de dependencia serán as que se determinan na disposición transitoria décima, número 2, do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Disposición transitoria primeira. *Situación relativa ás persoas en situación de dependencia moderada, grao I, que estean a recibir servizos de atención residencial.*

Até o 30 de xuño de 2015 ás persoas beneficiarias ás cales se recoñece o grao I de dependencia moderada e que na data do 28 de outubro de 2010 estivesen a recibir o servizo de atención residencial, poderáselles ofrecer esta prestación no proceso de consulta para o establecemento do programa individual de atención.

No caso de que se recoñece esta prestación, o servizo de atención residencial axustará os servizos e programas de intervención ás necesidades das persoas en situación de dependencia moderada atendidas.

Disposición transitoria segunda. *Intensidade do servizo de promoción da autonomía para as persoas en situación de dependencia en grao I.*

Nos procedementos en que se ditase resolución de recoñecemento de prestacións con anterioridade ao 15 de xullo de 2012, as administracións competentes poderán realizar as adaptacións necesarias para adecuar a intensidade do servizo de promoción da autonomía para as persoas en situación de dependencia en grao I ás previstas no anexo I. En canto se realizan as citadas adaptacións, serán de aplicación as seguintes intensidades:

1. A intensidade do servizo de promoción axustarase ao seguinte intervalo de protección, sen prexuízo do previsto nos números 2 e 3 seguintes:

Grao I. Dependencia moderada:

- Nivel 2: entre 20 e 30 horas mensuais de atención.
- Nivel 1: entre 12 e 19 horas mensuais de atención.

2. Para a atención temperá, establécese a seguinte intensidade:

Grao I. Dependencia moderada, niveis 2 e 1: un mínimo de 6 horas mensuais de atención.

3. Para os servizos de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional, establécese a seguinte intensidade:

Grao I. Dependencia moderada, niveis 2 e 1: un mínimo de 15 horas mensuais de atención.

Disposición transitoria terceira. *Intensidade do servizo de axuda a domicilio segundo grao e nivel de dependencia.*

Nos procedementos en que se ditase resolución de recoñecemento de prestacións con anterioridade ao 15 de xullo de 2012, as administracións competentes poderán realizar as adaptacións necesarias para adecuar a intensidade do servizo de axuda a domicilio ás previstas no anexo II. En canto se realizan as citadas adaptacións serán de aplicación as seguintes intensidades:

Intensidade do servizo de axuda a domicilio segundo o grao e nivel de dependencia

Grao e nivel	Horas de atención
Grao III. Gran dependencia	
Nivel 2.	Entre 70 e 90 horas mensuais.
Nivel 1.	Entre 55 e 70 horas mensuais.
Grao II. Dependencia severa	
Nivel 2.	Entre 40 e 55 horas mensuais.
Nivel 1.	Entre 30 e 40 horas mensuais.
Grao I. Dependencia moderada	
Nivel 2.	Entre 21 e 30 horas mensuais.
Nivel 1.	Entre 12 e 20 horas mensuais.

Disposición transitoria cuarta. *Intensidade do servizo de centro de día para persoas en situación de dependencia en grao I.*

Nos procedementos en que se ditase resolución de recoñecemento de prestacións con anterioridade ao 15 de xullo de 2012, as administracións competentes poderán realizar as adaptacións necesarias para adecuar a intensidade do servizo de centro de día ás previstas no anexo III. En canto se realizan as citadas adaptacións, serán de aplicación as seguintes intensidades:

Grao I. Dependencia moderada	Horas semanais de atención mínima personalizada
Nivel 2.	25 horas semanais.
Nivel 1.	15 horas semanais.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar a intensidade de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o establecido por este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.*

Modifícase o artigo 3 do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, nos seguintes termos:

Un. A alínea k) queda redactada nos seguintes termos:

«k) As prestacións económicas aboadas en virtude do Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados.»

Dous. A alínea l) queda redactada nos seguintes termos:

«l) Os subsidios de desemprego previstos no artigo 215.1.3 do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, así como os percibidos por traballadores maiores de cincuenta e dous anos de conformidade coa normativa anterior.»

Tres. A alínea m) queda redactada nos seguintes termos:

«m) As asignacións económicas da Seguridade Social por fillo a cargo con 18 ou máis anos e discapacitado nun grao igual ou superior ao 65 por 100, aboadas polo réxime xeral e os réximes especiais da Seguridade Social.»

Catro. Engádesse unha nova alínea, a o), coa seguinte redacción:

«o) A prestación económica vinculada ao servizo, a prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais e a prestación económica de asistencia persoal, aboadas en virtude da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER

ANEXO I

Intensidade do servizo de promoción da autonomía para as persoas en situación de dependencia en grao I

1. Para o servizo de promoción establécese a seguinte intensidade, sen prexuízo do previsto especificamente para a atención temperá, os servizos de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional:

Grao I. Dependencia moderada: un mínimo de 12 horas mensuais de atención.

2. Para a atención temperá, establécese a seguinte intensidade:

Grao I. Dependencia moderada: un mínimo de 6 horas mensuais de atención.

3. Para os servizos de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional, establécese a seguinte intensidade:

Grao I. Dependencia moderada: un mínimo de 15 horas mensuais de atención.

ANEXO II

Intensidade do servizo de axuda a domicilio segundo o grao de dependencia

- Grao III. Gran dependencia: entre 46 e 70 horas mensuais.
- Grao II. Dependencia severa: entre 21 e 45 horas mensuais.
- Grao I. Dependencia moderada: máximo 20 horas mensuais.

ANEXO III

Intensidade do servizo de centro de día para as persoas en situación de dependencia en grao I

- Grao I. Dependencia moderada: un mínimo de 15 horas semanais.